

XXX

Reclamante: Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)
Expediente. Nº **RSCTG 4/2023**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por XXX, en representación da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) mediante escrito do 10 de xaneiro de 2023, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 28 de marzo de 2023, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. XXX, en representación da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 10 de xaneiro de 2023, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do 29 de decembro de 2022, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se resolve a súa solicitude de acceso ao expediente do Parque eólico do Picato (expediente 996 EOL).

A Asociación reclamante indica que solicitou ante a Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía Empresa e Innovación, acceso ao expediente do parque eólico do Picato, instalación que conta a día de hoxe con autorización previa e de construción.

A pesar de que a nosa solicitude se indicaba claramente que se solicitaba acceso ao expediente completo do Parque eólico do Picato co número de expediente 116EOL, na resposta recibida o 30 de decembro do 2022, unicamente lle deron acceso a unha addenda da modificación, e non ao expediente completo tal e como se solicitaba.

Coa reclamación achega copia da solicitude presentada, asinada con certificado dixital de representante de asociación e copia do seu DNI.

Segundo. Con data do 8 de marzo de 2023, déuselle traslado da documentación achegada pola entidade reclamante á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 20 de marzo de 2023, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación remite informe e copia do expediente tramitado.

No informe, en resumo indícase que a Asociación solicitante expuña na súa solicitude que foi coñecedora da resolución da DX de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se outorgan as autorizacións administrativas previa e de construción da addenda da modificación número 1 do proxecto de execución do parque eólico Picato, sito nos Concellos de Guntín e Lugo (expte. 116EOL) polo que solicitaba o acceso ao devandito expediente, ao abeiro das Leis 27/2006 e 19/2013.

Pola Administración, deuse traslado da solicitude ao promotor do parque eólico Picato, Naturgy Renovables, SLU, sen que conste que o promotor presentase escrito algún de alegacións con respecto a solicitude de acceso á información.

Con data do 29 de decembro de 2022, ditouse resolución pola que se concede acceso a entidade solicitante á información requirida, que lle foi facilitada mediante un enlace na propia resolución.

A Dirección Xeral indica que a solicitude de información facía referencia explícita a unha resolución de autorización concreta, nomeadamente a “Resolución do 13 de decembro de 2021, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se outorgan as autorizacións administrativas previa e de construción da addenda da modificación número 1 do proxecto de execución do parque eólico Picato, sito nos concellos de Guntín e Lugo, promovido por Naturgy Renovables, S.L.U. (expediente 996 EOL)”, polo que a petición debe entenderse referida ao expediente que deu lugar a este acto concreto, polo que se autoriza a addenda dunha modificación dun proxecto, e que se inicia coa presentación da addenda por parte da promotora e solicitude de autorización e finaliza coa resolución de autorización. Non era pois, posible, deducir do escrito que os solicitantes pedisen mais documentación da que lle foi entregada.

Da documentación que se solicitou, unha parte pode considerarse información ambiental e outra xeral. A única información que se pode considerar estritamente como ambiental, e a referente ao informe de valoración ambiental da modificación do proxecto executivo do parque eólico Picato (...) correspondente á addenda do modificado nº1 do seu proxecto e o seu proxecto de execución e o Informe sobre solicitude de modificación no proxecto do parque eólico Picato”, non tendo o resto da documentación carácter ambiental.

Considera a Dirección Xeral que á Asociación solicitante lle foi facilitado o acceso exactamente a información solicitada, e sen prexuízo de que poida iniciar unha nova solicitude para o acceso ao outra documentación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as

persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación resolveu a solicitude o 29 de decembro de 2022, e a reclamación presentouse con data do 10 de xaneiro de 2023, polo que debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A asociación interesada solicitou, como figura na súa solicitude na copia do expediente remitido pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais acceso ás autorizacións administrativas previa e de construción da addenda da modificación número 1 do proxecto de execución do parque eólico Picato, sito nos Concellos de Guntín e Lugo, expediente do que indica a súa numeración: expte. 116EOL.

A Consellería, aínda que fora de prazo, resolveu, previa audiencia á entidade titular do Parque, conceder o acceso ao dito expediente 116EOL, no que indica que parte da documentación ten carácter ambiental, e debe rexerse o acceso polo disposto na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información medio ambiental, participación pública e xustiza en materia de medio ambiente, e o resto da documentación que forma parte do expediente debe considerarse información xeral e por tanto rexerse pola Lei 19/2013.

Como xa se indicou en anteriores resolucións desta Comisión, non cabe pronunciarse sobre a parte da información solicitada de carácter ambiental, que debe rexerse polo disposto na Lei 27/2006 citada, de conformidade coa disposición adicional primeira 1 da Lei 19/2013.

Respecto do acceso á información que non ten tal carácter, se indica pola Asociación que se lle deu acceso ao expediente da addenda, expediente 996 EOL, que foi o solicitado. A reclamación, como indica o informe da Dirección Xeral, parece solicitar en vía de reclamación, acceso a unha documentación distinta da solicitada, que é o expediente completo do parque. Non pode por tanto estimarse a reclamación, dado que o que solicitou foi o acceso á documentación da addenda (expediente 116EOL), e foi esa documentación á que se lle deu acceso, sen se poida admitir en vía de reclamación, a ampliación da solicitude ao expediente completo do parque, que de ser o caso, debe ser obxecto dunha nova solicitude.

De acordo co anterior, considérase que a documentación proporcionada é a solicitada polo que procede a desestimación da reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Desestimar a reclamación presentada por XXX, en representación da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) contra a Resolución do 29 de decembro de 2022, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se resolve a súa solicitude de acceso ao expediente do Parque eólico do Picato (expediente 996 EOL).

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/178, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela.

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.